

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 25 DE SETEMBRO DE 2024

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e cinco de setembro de 2024, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión da licenza urbanística para construír unha nave industrial na parcela B6 do Parque Empresarial das Gándaras, rúa Ramón María Aller Ulloa, 37 (exp. 2024/Y001/000077).

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórase a contratación das obras de execución do cemiterio de mascotas na parcela anexa ao cemiterio municipal de San Froilán. exp. ref. 2024-C002-000004.

3. FOMENTO.- Acórdase o plan estratéxico de subvencións 2023-2025 do Excmo. Concello de Lugo, actualización da anualidade 2024 para incluír os alumnos traballadores do obradoiro dual de emprego arquivalugo.

4. PERSOAL.- Acórdase a atribución temporal de funcións como conserxe a un funcionario durante a situación de incapacidade laboral temporal do titular do posto.

Tamén se acordou a modificación do acordo 11/932 adoptado pola Xunta de Goberno Local o día 20-12-2023 no relativo á designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a dúas prazas de celadores/as de colexio público pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda de acceso libre ordinario (OEP 2018).

ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN SOCIAL E TERRITORIAL

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac5999985749089136064.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL 25-9-2024

5. IGUALDADE.- Acórdase o encargo a Evislusa da dirección facultativa e de obra definidas no proxecto de obra menor identificado co título: 'Adaptación e renovación de catro vivendas municipais situadas (...)'.

Fóra da orde do día

Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Transición Ecolóxica e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.